

Martes, 14 de abril de 2020.

Estimadas familias:

Espero que todo vaia segundo o esperado.

Póño-me en contacto con vostedes para informarlos de que a partir de mañá, martes 14 de abril, as actividades se realizarán desde Edixgal, polo que é necesario que dispoñan de conexión a internet para recibir as indicacións que lles enviarei e poder realizalas. Se non poden conectarse á rede, infórmolles que dispoñen de distintos lugares da vila nos que teñen acceso libre nas súas redes wifi, como por exemplo desde a Casa do Concello, aos que poden acudir.

Para comezar a traballar desta maneira indícolles que as actividades para **martes 14 e mércores 15**, están incluídas dentro da **axenda Edixgal** da materia de **matemáticas**. O alumnado debe entrar dentro da materia, ir á axenda e acceder ao contido do martes 14, que será o mesmo para o mércores 15. Aí se lle indica o que debe facer e os pasos que debe seguir.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto comigo a través da conta de correo facilitada con anterioridade (profemirtagl@gmail.com), a través da que algúns alumnos me foron enviando os seus contos, ou tamén a través do servizo de mensaxes de Edixgal. Pouco a pouco irémonos familiarizando con estas maneiras de estar en contacto e nas que se lles vai axudar e resolver as dúbidas que se lles poidan presentar.

Moito ánimo!

Un saúdo.

Mirta González Lastra.